

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

13971 *Real decreto 972/2020, do 10 de novembro, polo que se regula o procedemento de selección para a proposta de candidaturas polo Reino de España na designación de membros do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.*

A condición de Estado membro da Unión Europea e de alta parte contratante no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais (CEDH) comporta o sometemento aos tribunais creados para garantir o respecto do dereito na interpretación e aplicación do Tratado da Unión Europea e do Tratado de funcionamento da Unión Europea, no primeiro caso, e para asegurar o respecto dos compromisos que resultan para as altas partes contratantes do CEDH e dos seus protocolos, no segundo.

Isto supón designar as candidaturas a xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e membros do Tribunal Xeral da Unión Europea, así como confeccionar a terna de candidaturas a xuíces titulares ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) e designar os xuíces *ad hoc* neste alto tribunal.

Por medio de senllos acordos do Consello de Ministros establecéronse pautas para a proposta de candidatos a xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e membros do Tribunal Xeral da Unión Europea (Acordo do 16 de xaneiro de 2015), e para a elaboración dunha terna de candidatos para a elección de xuíz titular do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (Acordo do 20 de xaneiro de 2017).

Transcorridos varios anos desde a aprobación dos acordos antes citados, e con vistas a que as mellores candidaturas sexan as que se integren nestes altos tribunais, decidiuse dar unha maior formalidade aos correspondentes procedementos de selección. Igualmente, quíxose regular o procedemento que se seguirá cando haxa que completar a lista de xuíces *ad hoc* do TEDH, aos cales non se mencionaba no acordo de 2017. Desta forma, este real decreto permite establecer un procedemento para designar as candidaturas a xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e membros do Tribunal Xeral da Unión Europea, así como confeccionar a terna de candidaturas a xuíces titulares ao TEDH e designar os xuíces *ad hoc* do TEDH.

De acordo coas previsións deste real decreto, unha vez asegurada a adecuada publicidade dos procesos de selección por medio da publicación da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado», garantindo a necesaria concorrencia competitiva, a selección das candidaturas debe facerse con pleno respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, de entre as persoas participantes no procedemento que cumpran os requisitos establecidos nos correspondentes tratados e demais instrumentos de referencia.

Por un lado, o artigo 253 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE) sinala que os xuíces e os avogados xerais do Tribunal de Xustiza, elixidos entre personalidades que ofrezan absolutas garantías de independencia e que reúnan as condicións requiridas para o exercicio, nos seus respectivos países, das máis altas funcións xurisdicionais ou que sexan xurisconsultos de recoñecida competencia, serán designados de común acordo polos gobernos dos Estados membros por un período de seis anos, tras consultar o comité a que se refire o artigo 255. O artigo 254 do TFUE establece que os membros do Tribunal Xeral serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de altas funcións xurisdicionais. Serán designados de común acordo polos gobernos dos Estados membros por un período de seis anos, tras consultar o comité a que se refire o artigo 255.

O comité previsto no artigo 255 do TFUE débese pronunciar sobre a idoneidade dos candidatos para o exercicio das funcións de xuíz e avogado xeral do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral, antes de que os gobernos dos Estados membros procedan aos nomeamentos de conformidade cos artigos 253 e 254 do TFUE. Este comité foi establecido polo Tratado de Lisboa e comezou o seu traballo o 1 de marzo de 2010, inmediatamente despois da entrada en vigor das decisións 2010/124/UE e 2010/125/UE, do 25 de febreiro de 2010, en virtude das cales o Consello da Unión Europea estableceu as normas de funcionamento do dito comité e designou por primeira vez os seus membros. Os membros do segundo comité foron designados pola Decisión 2014/76/UE, do 11 de febreiro de 2014, e tomaron posesión o 1 de marzo de 2014, mentres que os membros do comité actual foron designados pola Decisión 2017/2262, do 4 de decembro de 2017, e tomaron posesión o 1 de marzo de 2018. Este comité sinalou que os sistemas de designación son responsabilidade exclusiva dos Estados membros da Unión, sen que os tratados exixan un sistema concreto, ben que valorou a axuda que un procedemento de designación supón para o cumprimento da función asignada a este.

A idoneidade dos candidatos vén determinada, segundo indicou o comité do artigo 255 do TFUE, por criterios como as capacidades legais do candidato, a experiencia profesional, a capacidade de desenvolver o traballo, o coñecemento dos idiomas de traballo do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e a capacidade de traballar en equipo nun contorno internacional en que estean representados varios sistemas legais. Adicionalmente, a súa independencia, imparcialidade, conduta irreprochable e integridade deben estar fóra de toda dúbida.

Por outro lado, o artigo 20 do Convenio europeo de dereitos humanos establece que o TEDH se comporá dun número de xuíces igual ao das altas partes contratantes. De acordo co artigo 22 do CEDH, os xuíces serán elixidos pola Asemblea Parlamentaria, por maioría de votos emitidos, dunha lista de tres candidatos presentada por cada alta parte contratante.

Segundo dispón o artigo 21 do CEDH, os xuíces deberán gozar da máis alta consideración moral e reunir as condicións requiridas para o exercicio de altas funcións xudiciais ou ser xurisconsultos de recoñecida competencia. Formarán parte do tribunal a título individual. Durante o seu mandato non poderán exercer ningunha actividade que sexa incompatible coas exixencias da súa independencia, imparcialidade ou dispoñibilidade necesaria para unha actividade exercida a tempo completo; calquera cuestión que se suscite sobre a aplicación deste parágrafo será dirimida polo tribunal.

Os Estados parte no CEDH reiteraron o seu interese en que os candidatos a xuíces titulares do TEDH reúnan de maneira efectiva as calidades convencionalmente requiridas, en especial no relativo ao amplo coñecemento da práctica dos sistemas xurídicos internos e do dereito internacional público, así como un elevado coñecemento de un dos dous idiomas oficiais do TEDH e, ao menos, suficiente coñecemento pasivo do outro, como medios de asegurar a súa independencia e imparcialidade, así como a calidade e a coherencia das resolucións xurisdiccionais deste alto tribunal. Para tal efecto, nas conclusións das conferencias de alto nivel celebradas baixo os auspicios das sucesivas presidencias rotatorias do Comité de Ministros do Consello de Europa en Interlaken, Esmirna, Brighton, Bruxelas e Copenhague púxose de manifesto a necesidade de aumentar a transparencia dos procedementos de selección, co fin de asegurar a adecuada cualificación dos candidatos.

Dando seguimento a estes compromisos, o Comité de Ministros do Consello de Europa creou, mediante a Resolución do 10 de novembro de 2010, o Panel consultivo de expertos sobre candidatos para a elección de xuíces titulares ao TEDH co fin de avaliar, antes da súa elevación á Asemblea Parlamentaria, o cumprimento dos requisitos establecidos no convenio por parte das ternas de candidatos propostos polos Estados.

Con esta mesma finalidade, o Comité de Ministros aprobou o 29 de marzo de 2012 unhas «Liñas mestras sobre o procedemento de selección de candidatos ao posto de xuíz titular do TEDH» nas cales, ademais de reproducir os requisitos convencionais antes sinalados, se formulan recomendacións adicionais sobre os requisitos mínimos lingüísticos

recomendables dos candidatos, o procedemento de presentación de candidaturas, o procedemento de selección e a motivación da resolución final.

En ausencia do xuíz elixido en representación dunha alta parte contratante ou cando o dito xuíz non estea en condicións de intervir, actuará en calidade de xuíz unha persoa designada polo presidente do Tribunal a partir dunha lista presentada previamente por esa parte. Os xuíces *ad hoc* deben cumprir os requisitos establecidos no citado artigo 21 do CEDH e deben ter coñecemento activo de un dos idiomas oficiais do TEDH e, preferiblemente, ao menos pasivo do outro; deben estar en condicións de cumprir as necesidades de dispoñibilidade e asistencia ás reunións da sala e, durante o seu mandato, non poden ter a representación de ningunha parte ante o tribunal.

A Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, no seu informe «Xuíces *ad hoc* no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos: unha visión xeral» de 2011, manifestou as súas preferencias en relación co procedemento de selección. Para asegurar a súa lexitimidade, as persoas elixidas teñen que cumprir cos requisitos materiais antes sinalados e o procedemento interno debe ser transparente e equitativo.

Todos eses criterios, que complementan a regulación establecida tanto polo Tratado de Funcionamento da Unión Europea como polo Convenio Europeo de Dereitos Humanos, aconsellan a creación dun comité de selección de composición plural, que dispoña, por tanto, do suficiente coñecemento sobre todas as cuestións sometidas a valoración. Como novidade do presente real decreto, e co fin de aliñar a composición destes comités cos parámetros descritos anteriormente, en ambos se inclúen integrantes da carreira xudicial, así como xuristas de recoñecido prestixio que, preferiblemente –sempre que resulte posible, dado o reducido grupo de persoas en quen concorre esta condición– desempeñasen esta función no pasado.

O comité de selección creado por este real decreto, por tanto, examinará os *currículum vitae* presentados e realizará as entrevistas que considere oportunas para a comprobación do cumprimento dos requisitos e a valoración dos méritos conforme o disposto na convocatoria, e propondrá unha ou varias candidaturas, segundo o caso, ao Consello de Ministros, que decidirá mediante acordo, que será publicado no «Boletín Oficial del Estado».

Este real decreto estrutúrase en catro capítulos. O capítulo I define o seu obxecto, mentres que o capítulo II regula as disposicións comúns aplicables aos procedementos de selección das candidaturas que constitúen o ámbito de aplicación principal desta norma. As particularidades do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral da Unión Europea, por un lado, e do TEDH, por outro, teñen reflexo nos capítulos III e IV.

Así, o capítulo III, dedicado ao Tribunal de Xustiza e ao Tribunal Xeral da Unión Europea, recolle a posibilidade de renovación ao finalizar o mandato dos xuíces e avogados xerais saíntes e os requisitos que deben reunir as persoas que presenten as súas candidaturas a ambos os tribunais, ademais de como se efectuará a comunicación dos nomes das persoas designadas.

O capítulo IV, sobre o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, refírese aos requisitos que deben reunir as persoas que presenten a súa candidatura a xuíz titular e xuíz *ad hoc*, como se comunicarán os nomes das persoas designadas e as particularidades de aplicación á formación da lista de xuíces *ad hoc* en función do tempo transcorrido desde a última convocatoria a xuíz titular.

A disposición adicional primeira refírese, fóra do ámbito de aplicación cuxo réxime xurídico se está regulamentando, pero igualmente relacionado con el, á representación en órganos consultivos de organizacións internacionais, en particular, no Consello Consultivo de Xuíces Europeos e no Consello Consultivo de Fiscais Europeos.

A disposición adicional segunda establece que a constitución e o funcionamento do comité de selección previsto no presente real decreto non suporá un aumento do gasto público porque se atenderá cos recursos dos departamentos ministeriais implicados.

Pola súa parte, a disposición transitoria única refírese aos actuais representantes nos órganos consultivos antes citados que seguirán formando parte deles en canto non se realice unha nova designación.

A disposición derogatoria única deixa sen efecto os acordos do Consello de Ministros do 16 de xaneiro de 2015 e do 20 de xaneiro de 2017 citados anteriormente, polos que se estableceron pautas para a proposta de candidatos a xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e membros do Tribunal Xeral da Unión Europea, e para a elaboración dunha terna de candidatos para a elección de xuíz titular do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, respectivamente.

A disposición derradeira primeira identifica o título competencial que dá base á aprobación deste real decreto, mentres que a disposición derradeira segunda dispón a entrada en vigor do real decreto o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O presente real decreto adecúase aos principios de boa regulación indicados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, a norma persegue fins de interese xeral, como o son o establecemento de procedementos de selección formais, transparentes e que se rexan polos principios de mérito e capacidade. Contén a regulación imprescindible para atender a necesidade sinalada e é coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, ao recoller os requisitos incluídos nel para o acceso aos postos a que se refire, integrándose así nun marco normativo estable e predicible.

Así mesmo, en aplicación do principio de transparencia, cumpriuse cos requisitos de publicidade establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e, en aplicación do principio de eficiencia, a norma non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na elaboración deste real decreto conferiuse o trámite de audiencia e información pública, dando participación á cidadanía, conforme o previsto no artigo 133.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e solicitouse o informe, entre outros, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e tanto da Secretaría Xeral Técnica como da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Este real decreto apróbase ao abeiro dos artigos 97 e 149.1.3.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Xustiza e das ministras de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de novembro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer o procedemento para a designación de candidaturas a xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral da Unión Europea e a xuíz titular e xuíces *ad hoc* do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

CAPÍTULO II

Disposicións comúns do procedemento

Artigo 2. *Comunicación de inicio do procedemento.*

Cando, conforme o establecido no Tratado de funcionamento da Unión Europea, sexa necesario que o Reino de España propoña candidaturas a xuíces e avogados xerais do

Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral da Unión Europea ou, conforme o establecido no Convenio europeo de dereitos humanos, a xuíz titular e xuíces *ad hoc* do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación comunicará a necesidade de adoptar tales decisións aos ministerios de Xustiza e da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

Artigo 3. *Convocatoria.*

1. A convocatoria realizarase mediante orde do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, por proposta conxunta do Ministerio de Xustiza e do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

2. Na orde regularanse as bases da convocatoria, co seguinte contido mínimo: os requisitos que deben concorrer nas candidaturas, os méritos que se terán en conta, os criterios de valoración de tales méritos e a forma de acreditar todos eles, de conformidade, segundo o procedemento de designación de que se trate, coas recomendacións do comité regulado no artigo 255 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou do Comité de Ministros do Consello de Europa e o Panel consultivo de expertos sobre candidatos para a elección de xuíces titulares ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, así como coas especificacións que fixasen as institucións europeas con carácter xeral ou ao abrir o proceso de selección correspondente, e os demais elementos necesarios para levar a bo fin a convocatoria.

Así mesmo, a orde establecerá os criterios e a forma de realizar entrevistas aos candidatos.

Artigo 4. *Publicidade do procedemento.*

A convocatoria do procedemento de selección publicarase no «Boletín Oficial del Estado», así como a través das páxinas web do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática e dos ministerios copropoñentes, para que chegue a coñecemento das persoas potencialmente aptas para formularen candidaturas, durante o tempo en que estea aberto o prazo para a presentación de solicitudes.

Artigo 5. *Presentación de solicitudes.*

As solicitudes de participación no procedemento de selección presentaranse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os interesados poderán remitir unha copia da súa solicitude ao enderezo de correo electrónico que se habilite para tal efecto na convocatoria.

Artigo 6. *Comité de selección.*

1. Unha vez convocado o procedemento, constituirase un comité de selección coa finalidade de examinar a idoneidade das candidaturas.

2. Cando o procedemento se refira a postos no Tribunal de Xustiza ou no Tribunal Xeral da Unión Europea, o comité estará composto polas persoas titulares da Secretaría de Estado de Xustiza, da Secretaría de Estado para a Unión Europea e da Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática por un membro da carreira xudicial con, ao menos, categoría de maxistrado designado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, así como por un xurista de recoñecida competencia con máis de 15 anos de exercicio profesional, preferiblemente entre persoas que fosen membros do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Cando o procedemento se refira a postos no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, o comité estará composto polas persoas titulares da Secretaría de Estado de Xustiza, da Secretaría de Estado de Asuntos Exteriores e para Iberoamérica e o Caribe e da Subsecretaría da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática; por un membro da carreira xudicial con, ao menos, categoría de maxistrado designado polo

Consello Xeral do Poder Xudicial, así como por un xurista de recoñecida competencia con máis de 15 anos de exercicio profesional, preferiblemente entre persoas que fosen membros do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

3. A presidencia do comité corresponderá ao representante do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. A secretaría corresponderá a un membro da Avogacía do Estado, designado pola persoa titular da Avogacía Xeral do Estado - Dirección do Servizo Xurídico do Estado, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

Os acordos do comité de selección adoptaranse por maioría dos seus membros.

4. O comité de selección poderá solicitar o apoio dos asesores que considere necesarios para a realización das entrevistas, en particular da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

Artigo 7. *Principios aplicables ao procedemento.*

O procedemento respectará en todas as súas fases os principios de mérito e capacidade, así como o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso ao emprego público, de acordo coa Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e o principio de igualdade no acceso ás funcións e cargos públicos recollido no artigo 23.2 da Constitución. A convocatoria respectará tamén os principios de igualdade e non discriminación das persoas con discapacidade.

CAPÍTULO III

Disposicións especiais aplicables á selección de candidaturas ao Tribunal de Xustiza e Tribunal Xeral da Unión Europea

Artigo 8. *Renovación.*

Unha vez expirado o seu mandato, os xuíces e avogados xerais saíntes poderán ser novamente designados. Para tal efecto, o xuíz ou avogado xeral saínte remitirá á persoa titular do Ministerio de Xustiza unha comunicación en que manifieste a súa vontade e xuntará, se for o caso, un *currículum vitae* actualizado e unha memoria de actividades.

Unha vez recibida a comunicación do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a que fai referencia o artigo 2, a persoa titular do Ministerio de Xustiza elevará proposta ao Consello de Ministros, que resolverá por acordo.

Se non se acorda a renovación dos ditos cargos, realizarase a convocatoria conforme o procedemento previsto no artigo 3.

Artigo 9. *Requisitos.*

As persoas que presenten a súa candidatura deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 253 e 254 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, interpretados segundo as recomendacións do comité establecido no seu artigo 255, nos termos especificados na convocatoria.

Artigo 10. *Proposta e comunicación de candidaturas.*

1. O comité de selección examinará os *currículum vitae* e realizará, se for o caso, as entrevistas oportunas.

2. Unha vez valoradas as solicitudes de participación no procedemento de selección, o comité de selección propondrá unha candidatura entre aquelas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 9 e atendidos os méritos e criterios de valoración establecidos na convocatoria a xuíz ou avogado xeral do Tribunal de Xustiza ou do Tribunal Xeral da Unión Europea.

As persoas titulares do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, do Ministerio de Xustiza e do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática elevarán conxuntamente a dita proposta ao Consello de Ministros.

3. O Consello de Ministros debaterá a proposta do comité de selección e decidirá mediante acordo.

En caso de que o Consello de Ministros considere que a proposta realizada polo comité de selección non resulta idónea, devolveraa ao comité de selección mediante acordo motivado e outorgaralle un novo prazo para que formule nova proposta ao Consello de Ministros.

O acordo do Consello de Ministros que aprobe a proposta de candidatura comunicárase á Secretaría Xeral do Consello da Unión Europea a través da representación permanente de España ante a Unión Europea.

CAPÍTULO IV

Disposicións especiais aplicables á selección de candidaturas ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos

Artigo 11. *Requisitos.*

As persoas que presenten a súa candidatura deben cumprir os requisitos establecidos no artigo 21 do Convenio europeo de dereitos humanos e acreditar un elevado coñecemento de un dos dous idiomas oficiais do Tribunal, inglés e francés, e, ao menos, suficiente coñecemento pasivo do outro.

Artigo 12. *Proposta e comunicación de candidaturas.*

1. O comité de selección examinará os *currículum vitae* e realizará, se for o caso, as entrevistas oportunas.

2. Unha vez valoradas as candidaturas, o comité de selección propondrá non menos de tres candidaturas idóneas, entre aquelas que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior, e atendidos os méritos e criterios de valoración establecidos na convocatoria, a xuíz titular do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Na proposta procurarase integrar candidatos de ambos os sexos.

As persoas titulares do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, do Ministerio de Xustiza e do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática elevarán conxuntamente a dita proposta ao Consello de Ministros.

3. O Consello de Ministros debaterá a proposta do comité de selección e decidirá mediante acordo.

En caso de que o Consello de Ministros considere que a proposta realizada polo comité de selección non resulta idónea, devolveraa ao comité de selección mediante acordo motivado, e outorgaralle un novo prazo para que formule nova proposta ao Consello de Ministros.

Unha vez aprobada unha terna polo Consello de Ministros, darase traslado dela ao Panel consultivo de expertos do Consello de Europa sobre candidatos para a elección de xuíces titulares ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Artigo 13. *Xuíces ad hoc.*

Cando proceda designar xuíces *ad hoc*, a persoa titular do Ministerio de Xustiza ditará, para o efecto, orde ministerial para a súa selección conforme os seguintes criterios:

a) Se non transcorresen máis de dous anos desde a última convocatoria a xuíz titular, serán candidatos, en primeiro lugar, as persoas integrantes da terna proposta para a designación de xuíz titular que non fosen seleccionadas pola Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa para o posto.

b) Se as ditas persoas non seguen reunindo os requisitos para isto ou non manifestan interese en ser nomeados xuíces *ad hoc* no prazo conferido para o efecto, serán candidatas as persoas que presentasen a súa candidatura na última convocatoria de xuíz titular, sempre que sigan reunindo os requisitos exixidos para isto e manifesten o seu interese no dito nomeamento no prazo conferido para o efecto.

c) Se non é posible conformar así unha lista de candidaturas idóneas, ou transcorren máis de dous anos desde a última convocatoria a xuíz titular, realizarase unha convocatoria específica conforme o disposto no artigo 3.

Unha vez concluído o procedemento adecuado, a persoa titular do Ministerio de Xustiza ditará orde ministerial en que conforme a lista de candidaturas, que se comunicará ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Disposición adicional primeira. *Representación no Consello Consultivo de Xuíces Europeos e no Consello Consultivo de Fiscais Europeos.*

O procedemento de designación de representantes, titular e suplente, ante o Consello Consultivo de Xuíces Europeos e o Consello Consultivo de Fiscais Europeos iníciase por resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Xustiza.

O Consello Xeral do Poder Xudicial ou a Fiscalía Xeral do Estado, segundo corresponda en cada caso, e unha vez realizado o procedemento de selección que cada un dos ditos órganos prevexa, presentará unha proposta de nomeamento de representantes. A designación farase por resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Xustiza conforme a proposta recibida, por un período de catro anos prorrogable como máximo nunha ocasión ou até que cese o seu mandato se fosen elixidas para desempeñar un cargo no comité correspondente.

Disposición adicional segunda. *Non aumento do gasto público.*

A constitución e o funcionamento do comité de selección previsto no presente real decreto atenderanse cos recursos humanos e materiais dos departamentos ministeriais implicados, polo que a súa actuación non suporá gastos adicionais aos previstos nas súas dotacións orzamentarias nin incremento de gasto público.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

Os representantes nos órganos consultivos a que se refire a disposición adicional primeira na data de publicación deste real decreto continuarán ocupando os ditos postos até que se realice unha nova designación conforme as disposicións desta norma.

Disposición derogatoria única.

Quedan sen efecto os acordos do Consello de Ministros do 16 de xaneiro de 2015 e do 20 de xaneiro de 2017 polos que se estableceron pautas para a proposta de candidatos a xuíces e avogados xerais do Tribunal de Xustiza e membros do Tribunal Xeral da Unión Europea, e para a elaboración dunha terna de candidatos para a elección de xuíz titular do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro dos artigos 97 e 149.1.3.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO